



## NOTA DE PRENSA DA APDR DO 17.01.09: ALEGACIÓNS AO PXOUM DE MARÍN

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) presentou alegacións ó PXOM do Concello de Marín en tempo e forma, referidas á construción dun polígono industrial no contorno do Couto de Pornedo, na parroquia de San Xulián de Marín, e ó que a APDR se opón frontalmente por considerar a elección desta zona para a construción deste polígono moi pouco afortunada. Ditas alegacións sinalaban os seguintes aspectos:

O contorno do Couto de Pornedo é un lugar que conxuga uns valores naturais, paisaxísticos e culturais que o convirten nun enclave digno de seren conservado, o que resulta incompatible coa construción de dito polígono.

Alegamos motivos de tipo natural e ambiental. O dano ó medio natural é seguro. A zona na que se pretende construír o polígono é unha das zonas verdes máis importantes do Concello de Marín, e constitúe un dos seus principais *pulmóns verdes*.

Tamén sinalamos razóns de saúde pública. Esta zona forma parte do val do río Lameiriña, que rodea Marín. A eliminación dun dos *pulmóns verdes* da vila, e a súa substitución por un polígono industrial, que pola súa situación xeográfica dispersaría as emisións gaseosas sobre a vila, sen dúbida, terían a longo prazo un efecto negativo sobre a saúde dos habitantes de Marín.

Alegamos motivos de tipo paisaxístico. Nesta área natural, de monte, existen varias formacións xeolóxicas de interese, e tamén varios miradores naturais con espectaculares vistas sobre a ría. A construción do polígono suporía a destrución dos seus valores paisaxísticos.

Fixemos fincapé nos motivos de tipo cultural, xa que esta área destaca pola súa riqueza arqueolóxica. O polígono industrial afectaría ó patrimonio arqueolóxico. Directamente a 2 xacementos: Complexo Rupestre de Pornedo (GA36026012) e Complexo Rupestre de Sete Camiños (GA36026036). E indirectamente ó resto de xacementos da zona, xa que imposibilitaría a súa *Posta en Valor* no futuro. Nun área relativamente reducida repartida entre as parroquias de Lourizán e San Xulián atopamos 7 xacementos arqueolóxicos: os dous mencionados; Complexo Rupestre de Pinal de Caeiro (GA36026015); Mámoas de Chan da Lagoa (GA36038039, nº 1 e nº 2), Mámoa de Louredo (GA36038060) e Mámoa de Campana (catalogada nos últimos anos).

Existe unha proposta de crear o *Espazo Natural e Arqueolóxico de Pornedo*, que poña en valor todos estes recursos, e asegurando ó mesmo tempo a súa conservación. Recordámoslle ó Concello que nos últimos anos a construción da Variante de Marín e da Liña de Alta Tensión Lourizán-Cangas afectaron á maioría destes xacementos e provocaron a desaparición dun petroglifo. A construción do citado polígono significaría estragar definitivamente os valores naturais e culturais do lugar.

Apelamos á necesidade dun futuro para esta zona que pase pola explotación dos seus recursos naturais e culturais. Dende a APDR defendemos a *Posta en Valor* deste espazo natural e arqueolóxico, que está chamado a converterse nun futuro lugar de esparcemento da poboación de Marín e Pontevedra, vinculado ó espazo da Serra de Domaio.

Apelamos á necesidade dunha planificación racional do territorio que responda a un modelo de desenvolvemento sostible. Non estamos contra a creación de solo



industrial, e menos no caso de Marín, que está a dar este uso a terreos gañados ó mar con recheos na Ría, para empresas que ocupan este solo sen teren unha actividade relacionada co mar que xustifique a súa presenza no porto. Agora ben, cremos que as infraestruturas que se constrúan no futuro deben facerse atendendo a unha planificación sustentable, onde se cause o menor dano ambiental e patrimonial. Debemos aprender dos erros do pasado e non volver a cometelos. O Concello de Marín non debe sacrificar a Ría, o Pornado ou o río Loira para conseguir solo industrial. Debe protexer o seu patrimonio natural e cultural máis valioso.

Apelamos tamén á responsabilidade da clase política, xa que os políticos poden decidir onde se poñen os polígonos, pero **o patrimonio natural e cultural está onde a Natureza e a Historia decidiron, e os políticos teñen a importante responsabilidade de conservar este patrimonio, que é de todos.**

Por último, solicitamoslle ó Concello de Marín a protección desta zona no PXOUM como área natural e arqueolóxica, e que o propio Concello, xunto ó de Pontevedra, leve a cabo a creación do *Espazo Natural e Arqueolóxico do Pornado*, desistindo da súa intención de contruír este polígono.